



NARÓN

MOCIÓN PARA MUDAR A ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA EMISIÓN E RECEPCIÓN DE RUIDOS E VIBRACIÓNS

Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :

No ano 2007 apróbase en Narón a Ordenanza que regula a actuación municipal dirixida a protexer ás persoas e bens contra as agresións producidas pola enerxía acústica nas súas manifestacións máis representativas: ruídos e vibracións.

Esta ordenanza regula os niveis de ruído e vibracións admisibles nas distintas actividades que se poidan realizar en domicilios particulares; locais de ocio, espectáculos e recreativas; ruído producido polo tráfico e vehículos a motor; espectáculos públicos; actividades realizadas coa recollida de residuos sólidos urbanos; construción... en definitiva, todas aquelas actividades que xeran algún tipo de ruído ou vibración. Ademais disto regúlanse os horarios nos que está permitido cada tipo de ruído (diurno ou nocturno) e os decibelios máximos que poden producir os ruídos ou vibracións, dependendo tamén do tipo dos mesmos ou da sensibilidade acústica permitida en cada espazo.

En canto aos ruídos no exterior, no espazo público, no **artigo 40** desta ordenanza, onde fala dos dispositivos sonoros, atopámonos no seu primeiro punto que, **con carácter xeral, non se permitirá o emprego de ningún dispositivo sonoro con fins de propaganda, reclamo, aviso ou espallamento.** As entidades asociativas moitas veces farían uso dos altosfalantes para achegar a información á maior parte da veciñanza, convocándoos a unha asemblea, a un acto público... se isto estivese permitido, previa autorización, no noso concello e non fose motivo de sanción.

Por todo isto sometemos a debate e aprobación en Pleno dos seguintes ACORDOS:

1. Instar ao Goberno municipal a mudar a ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruidos e vibracións no seu artigo 40, punto 1, quedando o mesmo deste xeito:
 - a. *O uso de todo dispositivo sonoro con fins de propaganda, reclamo, aviso ou distracción requirirá autorización preceptiva, previa e expresa.*
 - b. *O horario para o uso de dispositivos sonoros con fins de propaganda sería de 10:00 a 13:00 horas en horario de mañá e de 17:00 a 20:00 horas en horario de tarde.*

Narón, 9 de abril de 2025

Asdo. Olaia Ledo Díaz